

Civis Global certificada como 'empresa xeradora de riqueza 2016'

- Única construtora entre as 21 empresas galegas que cumpre cos requisitos
- A compañía constrúe dez infraestruturas en Galicia, Portugal e Perú



Obras de rehabilitación e construción da nova sede social do Celta, na rúa do Príncipe (Vigo).

Vigo, 25 de novembro de 2016. O grupo construtor galego Civis Global vén de recibir a distinción Ardán como *Empresa xeradora de riqueza 2016*, certificado polo Consorcio da Zona Franca de Vigo. A cualificación distingue só a 21 empresas (das 17.039 analizadas) que manteñan unha xeración de valor engadido igual ou superior ao 10% durante os tres últimos anos. A certificación unicamente analiza a empresas con sede social e pago de impostos en Galicia e que presenten un bo equilibrio na remuneración dos empregados, capitalización e dividendos da compañía, pago de provedores e acredores e impostos ás administracións públicas.

civisglobal

Nota de prensa

Civis Global é a única construtora das 21 empresas galegas calificadas como empresas xeradoras de riqueza 2016, una distinción moi selectiva debido ao impacto da crise nos resultados operativos das empresas galegas. “O número de empresas que acadou dito indicador é claramente baixo o que evidencia a dificultade dos criterios definidos para acadalo”, sinala o informe Ardán 2016. No 2015 o número de empresas xeradoras de riqueza era máis de tres veces superior (74 firmas con sede en Galicia).

O ránking 2016 das dez maiores compañías xeradoras de riqueza está encabezado por Borgwarner (automoción), Ceamsa (algas marinas), Frioantartic (pesca), Alfonso García López (conservas), Louzao (automoción), Bershka (moda), Conservas Cerqueira, Pull&Bear (moda), **Civis Global** (construción) e Premonor (estruturas metálicas).

Civis Global está a realizar neste momento 10 infraestruturas privadas e públicas en Galicia, Portugal e Perú. A compañía ten sede social en Vigo, onde está a construír a nova sede do Real Club Celta de Vigo e acaba de entregar a maior nave industrial multiusos edificada nos últimos anos na cidade, que proporciona servizos de loxística e aparcamento para PSA Peugeot Citroën e outras empresas da automoción.

Civis Global facturou 40 millóns de euros en 2015, cunha plantilla media de profesionais de 400 persoas. A empresa acaba de entregar unha importante obra de saneamento e abastecemento en Andalucía e está a piques de rematar a construción dun porto pesqueiro en San José (Perú).